

O grupo municipal do **PARTIDO POPULAR (Populares de Caldas de Reis)** do concello de Caldas de Reis representado polo seu voceiro Fernando Pérez Domínguez co DNI 35.450.453-R, ao abeiro do artigo 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (R.D. 2568/1986 do 28 de Novembro), e artigo 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de Abril, de Modificación da Lei Reguladora de Bases de Réxime Local, propón, para á consideración do vindeiro Pleno Ordinario da Corporación Municipal a seguinte

## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA ESIXIR O MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDAD Y AGENDA URBANA A ANULACIÓN DO CAMBIO REALIZADO NA N640 A ALTURA DO CRUCE CO VIEIRO DE ENTRADA O LUGAR DE SEGADE DE ARRIBA E A MARIÑOLEIRA DE MANEIRA QUE SE VOLTE A PERMITIR O XIRO**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O único acceso posible, sen ter o tráfico que atravesar a carballeira de Caldas de Reis, os lugares de Segade de Arriba, Mariñoieira e o IES Aquis Celenis, CPI Alfonso VII e Pavillón Municipal de Deportes e pola N640 (estrada Chapa-Carril).

Que no punto de encontro da N640 co referido vieiro de Segade de Arriba sempre existiu unha liña descontinua que permitía que os vehículos que dende o referido vieiro se quixeran incorporar a N640 puideran tamén coller dirección o casco urbano.

Que recentemente o Ministerio de Transportes, Mobilidad y Agenda Urbana, por medio da Demarcación de Carreteras procedeu a un parcheo con re asfaltado parcial nese tramo, e tras realizar esa reparación parcial do firme procedeu o repintado pero ca gravidade de que en lugar de deixalo como estaba (liña descontinua), procederon o pintado unha liña continúa.

Ese cruce é moi moi importante, por todo o exposto, polos veciños dos dous lugares afectados (Segade de Arriba e Mariñoieira) e polo acceso os centros educativos e o Pavillón de deportes, e polo tanto é preciso recuperar a situación anterior e permitir o xiro.

Se o Ministerio quere realmente buscar solucións reais e non parches baratos, podería aproveitar para construír nesa zona a demandada rotonda que permitiría ter unha capacidade de acceso completa e segura, e a súa vez provocar unha redución de velocidade que é moi oportuna ante a proximidade da piscina municipal, do perigoso cruce de acceso a Requeixada e Monteporreiro e do CPI Alfonso VII, todo elo situado escasos metros despois na mesma N640 en dirección o casco urbano.



[www.ppcaldas.es](http://www.ppcaldas.es)



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620

Por todo elo, o Grupo Municipal Popular no Concello de Caldas de Reis presenta ao Pleno a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDOS:**

1. Se traslade o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Agenda Urbana e Demarcación de Carreteras de Galicia (Delegación de Pontevedra) a absoluta desconformidade do Pleno do Concello de Caldas de Reis co feito de cambiar a liña discontinua existente no entronque do vteiro de acceso a Segade de Arriba na N640 por a liña continua recentemente pintada, posto que resulta fundamental para todos os veciños dos dous lugares afectados (Segade de Arriba e Mariñoira) e para o acceso os centros educativos, en especial o IES Aquis Celenis, e o Pavillón de deportes.

2. Se requiera o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Agenda Urbana e Demarcación de Carreteras de Galicia (Delegación de Pontevedra) que se consensúe co noso Concello unha solución definitiva e segura para lograr aumentar a seguridade viaria nesa zona, levando para elo a cabo as obras que resulten precisas, valorando a construción dunha rotonda, que permita que todos os usuarios da contorna (Segade de Arriba, Mariñoira, Monteporreiro, Requeixada, etc) e os centros educativos non se teñan que xogar a vida todos os días, posto que as medidas adoptadas ata o de agora nin permitiron reducir a velocidade dos vehículos na contorna do CPI Alfonso VII (punto negro) e da Piscina Municipal Antía García, nin que os cruces deixen de ser perigosos.

2

En Caldas de Reis a 20 de xaneiro de 2022

O GRUPO MUNICIPAL do **PARTIDO POPULAR (Populares de Caldas de Reis)**



[www.ppcaldas.es](http://www.ppcaldas.es)



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620